



Concello de Rábade

DECRETO DE ALCALDÍA. Rábade, a 11 de novembro de 2021.

Considerando que con data 10/11/2021 ditouse decreto de Alcaldía polo que aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección dun posto de administrativo con cargo ao programa fomento do emprego (Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021).

Advertido un erro no decreto sinalado, no referente ás partidas as causa de exclusión.

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas establece que "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos."

Esta Alcaldía, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente de réxime local,
RESOLVE:

1.- Proceder á corrección de erros detectada na resolución de Alcaldía antedita, nos seguintes termos:

Onde di:

4 - Non acredita estar en situación de desemprego ou en situación de mellora de emprego mediante informe ou certificado do Servizo Galego de Emprego, no que se acredite o tempo continuado nesa situación.

Debe dicir:

4 - Non acredita estar en situación de desemprego mediante informe ou certificado do Servizo Galego de Emprego.

2º.- Notificar a presente resolución ao interesado e dar conta da presente resolución aos servizos de contabilidade municipal, así como ao pleno corporativo na seguinte sesión que se celebre.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Rábade

Praza do 28 de maio, s/n, Rábade. 27370 Lugo. Tfno. 982390062. Fax: 982390411



Cod. Validación: 79E2P2K4L47WFFHF4DFQWLEHX | Corrección: <https://rabade.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1